



**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO,
ALCALDE
DO CONCELLO DE PORTO DO SON
FAI SABER:**

A Xunta de Galicia convoca axudas económicas ás familias con nenos e nenas **menores de doce anos** para contribuír ao pagamento do importe de servizos de atención á infancia a domicilio, nos seguintes supostos (que se produzan entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018):

- a. Enfermidade do/a menor e imposibilidade de ser coidado/a polos membros da unidade familiar.
- b. Enfermidade da persoa coidadora habitual.
- c. Asistencia da persoa coidadora habitual a entrevistas de traballo ou cursos de formación.
- d. Situacións puntuais de carácter laboral ou de coidado, tanto do cónxuge ou parella como de familiares ata o segundo grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, que impidan a atención do/a neno/a polos membros da unidade familiar.

Persoas beneficiarias

Pais/nais, titores/as, ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenos/as menores de doce anos que se atopen nos supostos seguintes:

- a. Ter unha nena ou un neno nacida/o con posterioridade ao 31 de decembro de 2005 respecto da anualidade 2017 e con posterioridade ao 31 de decembro de 2006 respecto da anualidade 2018.
- b. Que a renda da unidade familiar, entendida como a suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro, non supere os 45.000 € ou os 13.500 € per cápita. Para estes efectos, terase en conta a declaración do IRPF do ano 2015 respecto da anualidade 2017 e do ano 2016 respecto da anualidade 2018

Contía da axuda

Concederase un **máximo de 80 horas por familia** para a totalidade do período subvencionado; un máximo de 20 horas corresponderá a anualidade 2017 e de 60 horas á anualidade 2018). O número total de horas concedido **incrementarase un 15 % por cada fillo/a menor de doce anos a partir do primeiro**.

Prazo

Ata o 30 de abril de 2018.

Porto do Son, 13 de novembro do 2017

O alcalde



Asdo) José Luis Oujo Pouso